



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SELECCIÓN DE DEZASETE (17) TRABALLADORES/AS DE DIVERSAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS CON CARGO AO PLAN DE CONCELLOS 2022 (LIÑA 3.- Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.-

No BOP nº 230, do 27 de novembro de 2021 a Deputación Provincial de Pontevedra publicou as Bases Reguladoras e convocatoria do Pal de Obras e Servizos (Plan de Concellos) 2022-2023.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial do 18 de febreiro de 2022 concedeuse ao concello de Vilanova de Arousa unha subvención para contratar a 17 traballadores/as con cargo ao dito Plan, dentro da Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

Previa comunicación ao Comité de Empresa, pola presente Resolución se aproban as bases que haberán de rexer neste concello o proceso de selección dos ditos traballadores que terán a condición de persoal laboral temporal para o desenvolvemento de postos de traballo non estruturais nin incluídos na RPT de persoal laboral do concello e cuxas retribucións se financian integramente con cargo a programas subvencionados por outra Administración Pública. As presentes bases axústanse ás normas establecidas na Base 8.3. Liña 3. das Bases Reguladoras do Plan de Concellos 2022 aprobadas pola Deputación Provincial.

Por todo isto, esta Alcaldía, convoca proceso selectivo para a selección de 17 traballadores/as de diversas categorías profesionais que se rexerá polas Bases Reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan de Concellos 2021 e ás particulares que se conteñen na presente resolución, e no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

ACORDA

Primeiro.- POSTOS DE TRABAJO INCLUIDOS NA OFERTA.-

Convocase proceso selectivo para a cobertura de dezasete (17) postos de traballo distribuídos entre as seguintes categorías profesionais.

Categoría profesional: **GUIA TURISMO.**

Grupo de cotización: 5

Número de postos de traballo: Dous (2).





Xornada de 7 horas diarias durante 6 meses

Categoría profesional: **CHOFER TRACTORISTA.**

Grupo de cotización: 8

Número de postos de traballo: Un (1).

Xornada de 6 horas diarias durante 6 meses.

Categoría profesional: **ALBANEL.**

Grupo de cotización: 8

Número de postos de traballo: Un (1).

Xornada de 6 horas diarias durante 6 meses.

Categoría profesional: **CONSERXE.**

Grupo de cotización: 6

Número de postos de traballo: Tres (3).

Xornada de 6 horas diarias durante 6 meses.

Categoría profesional: **LIMPADOR/A.**

Grupo de cotización: 10

Número de postos de traballo: Un (1).

Xornada de 7 horas diarias durante 6 meses.

Categoría profesional: **PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS.**

Grupo de cotización: 10

Número de postos de traballo: Nove (9).

Xornada de 6 horas diarias durante 6 meses.

As datas de comezo e remate do contrato poden ser diferentes para cada un dos seleccionados en función da duración do contrato e das necesidades municipais.

SEGUNDO.- CARACTERÍSTICAS COMÚNS AOS POSTOS DE TRABALLO.-

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal de obra ou servizo determinado a tempo parcial ou completo, segundo os casos, para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

Aos efectos previsto no artigo 15.5 do Estatutos dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, non poderán ser contratados polo concello neste proceso selectivo aqueles traballadores que, nun período de 24 meses houberan sido contratados polo concello durante un prazo superior a 18 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou mais contratos temporais. A tal efecto, o área de recursos humanos do concello supervisará a relación de





aspirantes que envíe o SPEG ao concello antes da realización da entrevista. Se houberse algún aspirante no que concorra a dita situación quedará automaticamente excluído do proceso selectivo facendo constar tal circunstancia en acta a Comisión de Selección.

Duración do contrato: O especificado para cada caso concreto, debendo rematar a súa vixencia, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2021 conforme ao disposto nas Bases aprobadas pola Deputación Provincial de Pontevedra. No caso de que algunhas persoas traballadoras contratadas renuncien ao contrato antes do seu remate o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír ó anterior polo tempo restante.

Tipo de xornada: A especificada para cada caso concreto podendo desenvolverse o traballo en xornadas de tarde e/ou en sábados, domingos e festivos en funcións do servizo ou ben municipal onde se presten os servizos.

Retribución bruta mensual: A retribución bruta mensual ven determinada pola contía establecida para cada categoría profesional pola equiparación á mesma ou similar categoría profesional das incluídas no Anexo de orzamentos vixente no concello. Na dita retribución está incluída o prorrateo das pagas extraordinarias e descontaranse dela as retencións que procedan polo IRPF do traballador/a así como a cota obreira a satisfacer polo mesmo/a á Seguridade Social, dando lugar á retribución neta a percibir mensualmente. O detalle por categorías é o seguinte:

Categoría	Retribución bruta mensual
GUIA TURISMO.	1.132,97 €
CHOFER TRACTORISTA.	1.266,93 €
ALBANEL.	1.266,93 €
CONSERXE.	1.132,97 €
LIMPADOR/A.	1.357,29 €
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS.	1.201,78 €

Terceiro.- REQUISITOS COMÚNS A TODOS/AS ASPIRANTES.-

De conformidade co establecido na Base 8ª. 3. das Bases do Plan de Concellos 2022 aprobadas pola Deputación Provincial o requisito común que deberán posuír os traballadores/as que se contraten tanto no momento da selección como no da formalización do contrato será o seguinte:

Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.





Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o municipio de Vilanova de Arousa.

Tanto os requisitos comúns como os específicos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

Cuarto.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA ALGUNHAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS.-

Ademais dos requisitos establecidos no apartado anterior, se esixirán os requisitos que de seguido se sinalan para as seguintes categorías profesionais:

1) Para as categorías de ALBANEL e PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS:

--Estar en posesión do curso de prevención de riscos laborais.

2) Para a categoría de CHOFER-TRACTORISTA.

--Estar en posesión do permiso de conducir C + E

3) Para as categorías de **GUIA DE TURISMO, CONSERXE e LIMPADOR/A** non se esixen requisitos específicos.

Quinto.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.- O concello tramitará a través do seu Servizo de Orientación Laboral co Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar.

En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá publicar a presente resolución na sede electrónica do concello “sede.vilanovadearousa.gal” dentro do portal “oferta de emprego público”.

Sexto.- PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN.-

6.1. Procedemento de selección.- Recibida no concello o listado de aspirantes citados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) se iniciará o procedemento de selección que terá a seguinte estrutura:

6.1.A. CATEGORÍAS DE GUÍA DE TURISMO E CONSERXE.-

A puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo é de 30,00 puntos correspondendo un máximo de 21,00 puntos ao baremo de méritos e un máximo de 9,00 puntos á entrevista persoal.





6.1.A. Entrevista persoal.- A entrevista será persoal, curricular e regradada e poderase celebrar o mesmo día ou en días distintos para cada categoría profesional.

A entrevista será realizada pola comisión de selección nomeada polo alcalde mediante resolución. A entrevista será cualificada de 0 a 9 puntos. No acta da comisión de selección reflectirase de xeito detallado a puntuación que cada un dos membros da mesma outorga aos aspirantes pola dita entrevista persoal, agás que esta fose unánime.

Os aspirantes deberán presentarse a entrevista cos seguintes documentos, en orixinal e cunha copia sen compulsar quedando esta en poder da Comisión de Selección:

- 1) Citación para a entrevista expedida polo SPEG.
- 2) DNI.
- 3) Informe de Vida laboral.
- 4) Libro de Familia e/ou sentenza de separación ou divorcio. Ademais, para acreditar a monoparentalidade, definida no artigo 13.1. da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia en Galicia, será necesario, será necesario presentar un certificado expedido polo concello respectivo no que se acredite a relación de persoas que convivan no domicilio.
- 5) No seu caso, documentación acreditativa de ser vítima de violencia de xénero e/ou de posuír unha discapacidade superior ao 33 %.
- 6) Naquelas categorías con requisitos específicos o documento acreditativo de posuír os mesmos.

Aqueles aspirantes que non presenten a dita documentación non poderán ser puntuados no apartado correspondente do baremo.

6.1.B. Baremo de méritos.- Criterios de selección preferente.- Á puntuación obtida na entrevista persoal a comisión de selección agregará a puntuación resultante da aplicación do seguinte baremo de méritos preferentes establecidos nas Bases Reguladoras do Plan de Concellos 2022 consonte ao seguinte esquema:

- a) Ser vítima de violencia de xénero: 3 puntos.
- b) Ter mais de 45 anos: 2 puntos.
- c) Acreditar unha discapacidade superior ao 33 %: 3 puntos.
- d) Formar unha familia monoparental con fillos ao seu cargo: 5 puntos máximo a razón de 2,50 por cada fillo menor de 26 anos ao seu cargo.





- e) Cargas familiares: Máximo 3 puntos a razón dun punto por fillo/s menor de 26 anos ao seu cargo.
- f) Levar inscrito como demandante de emprego máis dun ano: 3 puntos máximo a razón de 0,10 puntos por mes.
- g) Non ter sido contratado polo concello no ano 2021: 2 puntos.

6.2.B. CATEGORÍAS DE CHOFER-TRACTORISTA, ALBANEL, PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS E LIMPADORA.-

A puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo é de 30,00 puntos correspondendo un máximo de 21,00 puntos ao baremo de méritos e un máximo de 9,00 puntos na proba práctica, non habendo entrevista persoal.

6.1.A. Proba práctica.-

Os aspirantes deberán presentarse á proba práctica cos seguintes documentos, en orixinal e cunha copia sen compulsar quedando esta en poder da Comisión de Selección:

- 1) Citación para a entrevista expedida polo SPEG.
- 2) DNI.
- 3) Informe de Vida laboral.
- 4) Libro de Familia e/ou sentenza de separación ou divorcio. Ademais, para acreditar a monoparentalidade, definida no artigo 13.1. da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia en Galicia, será necesario, será necesario presentar un certificado expedido polo concello respectivo no que se acredite a relación de persoas que convivan no domicilio.
- 5) No seu caso, documentación acreditativa de ser vítima de violencia de xénero e/ou de posuír unha discapacidade superior ao 33 %.
- 6) Naquelas categorías con requisitos específicos o documento acreditativo de posuír os mesmos.

Aqueles aspirantes que non presenten a dita documentación completa non poderán ser puntuados no apartado correspondente do baremo.

A Comisión de Selección procederá a comprobar a dita documentación e lles indicará o lugar a onde deben desprazarse para realizar a proba práctica que será cualificada de 0 a 9 puntos.

6.1.B. Baremo de méritos.- Criterios de selección preferente.- Á puntuación obtida na proba práctica a comisión de selección agregará a puntuación resultante da aplicación do seguinte baremo de méritos preferentes





establecidos nas Bases Reguladoras do Plan de Concellos 2022 consonte ao seguinte esquema:

- a) Ser vítima de violencia de xénero: 3 puntos.
- b) Ter mais de 45 anos: 2 puntos.
- c) Acreditar unha discapacidade superior ao 33 %: 3 puntos.
- d) Formar unha familia monoparental con fillos ao seu cargo: 5 puntos máximo a razón de 2,50 por cada fillo menor de 26 anos ao seu cargo.
- e) Cargas familiares: Máximo 3 puntos a razón dun punto por fillo/s menor de 26 anos ao seu cargo.
- f) Levar inscrito como demandante de emprego máis dun ano: 3 puntos máximo a razón de 0,10 puntos por mes.
- g) Non ter sido contratado polo concello no ano 2021: 2 puntos.

Setimo.- RESOLUCIÓN.- Trala celebración da entrevista ou da proba práctica e a baremación dos aspirantes a comisión elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado.

En caso de empate na puntuación total final, resolverase en favor do/da aspirante que teña o maior tempo en situación de desemprego. De manterse o empate, dirimirase ó chou.

A resolución da alcaldía publicarase a través da sede electrónica do concello “sede.vilanovadearousa.gal” dentro do portal “oferta de emprego público”.

Oitavo.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.- Será nomeada por resolución da alcaldía antes da celebración das entrevistas ou proba práctica aos aspirantes.

Cando así se considere necesario no proceso de selección de determinadas categorías profesionais, a comisión poderá requirir o asesoramento de especialistas que, en todo caso, deberán ser empregados públicos do concello, facendo constar tal circunstancia no acta da sesión.

Noveno.- RÉXIME XURÍDICO.- Os acordos da Comisión de Selección que non sexan de mero trámite poderán ser recorridos en alzada ante a Alcaldía nos termos previstos no artigo 121.1. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de las Administracions Públicas

Vilanova de Arousa, na data da sinatura electrónica.





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069



O ALCALDE

Gonzalo Durán Hermida

ANTE MIN.DOU FE
O SECRETARIO XERAL

Javier Bouzada Romero

Documento asinado electronicamente conforme á Lei 06/2020, do 11 de novembro, reguladora dos Servizos Electrónicos de Confianza

